

## **ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN CONCURSO OPOSICIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL AUXILIAR DE BIBLIOTECA ( SUBVENCIONADO POR PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.**

Reunidos ás 9:00 horas en data 31/7/2019 os membros do Tribunal de selección do proceso de selección dun auxiliar de biblioteca, por concurso oposición de persoal laboral temporal subvencionado polo programa de integración laboral da Deputación Provincial de A Coruña, segundo bases de selección publicadas no BOP n.º 114 de data 18/06/2019

Procédese a constitución do Tribunal estando presentes os seguintes membros;

- Presidente: D. Ramón Torreiro González. ( bibliotecario de Arzúa).

Vogais:

-D<sup>a</sup> . Elsa Silva Donsión ( Bibliotecaria de Vila de Cruces)

-Atenea Ruibal Durán ( Bibliotecaria de Vilalva) ( actúa como asesora do Tribunal e non como vogal)

- Secretaria: Rebeca Vázquez Vázquez ( Secretaria Concello de Arzúa)

Non asiste Ana M.<sup>a</sup> Vallo Camba ( Técnica local de emprego do Concello de Boimorto)

Non se manifesta por ningún membro do Tribunal estar afectado por causa de abstención ( artigo 24 Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público pero a vogal Atenea Ruibal Durán sinala que é laboral temporal.

Na constitución deste Tribunal advirte a Secretaria da irregularidade de contar como vogal cun laboral temporal procedéndose a lectura da base 8 das bases que rexen este proceso de selección :

### **8. Tribunal cualificador.( un para peóns e outro para auxiliar de biblioteca)**

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación a aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo

Tendo en conta que segundo sentenza 1300/1992 Sección 1ª Sala do Contencioso do TS “La intervención de un vocal que no tiene potestad para hacerlo, no anula necesariamente los actos del Tribunal de oposiciones, si con el resto de sus integrantes fue en todo momento suficiente para cumplir los requisitos de quórum exigidos por la convocatoria.”

*advertido o Alcalde da irregularidade manifesta a esta Secretaría o seu descoñemento no momento de nomeamento da vogal da súa contratación como laboral temporal e solicita que dita persoa actúe como asesora do órgano na elaboración da proba tipo test e valoración de méritos sen voto xa que estando os aspirantes convocados e o proceso xa iniciado por razóns de eficacia e eficiencia o amparo desta sentenza entende que é mellor continuar có procedemento .Consultada dita sentenza que sinala:*

Con respecto a la defectuosa **composición** del **Tribunal**, en cuanto a uno de sus miembros, no puede provocar una manifiesta incompetencia pues el **vicio** en uno de los miembros de aquél no puede hacerse extensivo al resto de sus componentes. La solución de la nulidad radical es absolutamente extrema. Criterio defendido por la Sentencia del **Tribunal** Supremo (Sala de lo Contencioso-Administrativo) de 19 de febrero de 1992, cuyo texto expone:

«F. quinto: Sin desconocer esa defectuosa **composición** del **Tribunal** respecto solamente de uno de sus miembros, lo que no puede admitirse es que dicho **vicio** vaya a provocar una manifiesta incompetencia del mismo, como señala la Administración en su resolución, pues el **vicio** en uno de los miembros de aquél no puede hacerse extensivo al resto de sus componentes. A tal respecto, basta observar las disposiciones restrictivas del citado artículo 47 para decretar una nulidad absoluta, así como el contenido del resto de los preceptos de la Secc. III, Cap. II, Tít. III LPA, que versarán sobre la conservación de los actos administrativos para comprender que la solución de la nulidad radical es absolutamente externa. No solo la competencia del **Tribunal** para realizar su misión de calificación sigue intacta, sino que también mantiene sus plenos efectos respecto de su **composición** originaria, excluyendo el vocal impugnado. Lo primero, porque la incompetencia no solo habrá de ser “manifiesta”, es decir, ostensible, patente o sin género de duda, sino porque esa incompetencia solo puede entenderse en el sentido de que la materia de que conoció y resolvió no le estaba de forma clarividente (SS 24 abril y 12 junio 1985 y

22 marzo 1988, entre otras). Y no puede discutirse que el órgano sí era competente de forma clara y rotunda, pues solo a él le correspondía juzgar y calificar la prueba del concurso. En cuanto a lo segundo, también resulta claro que, incluso con vocal rechazado, **el resto de los miembros que componían dicho Tribunal eran suficientes holgadamente para constituirlo y actuar sin aquél**, como así lo exigía el artículo 5, último párrafo, de la mencionada Orden Ministerial, en relación con el espíritu de la Base VIII, ap. b), de las que regían la convocatoria. Es de hacer constar, a este respecto, que en todo momento al Tribunal le sobraron miembros para constituirse válidamente sin el referido Vocal (en la sesión del 10 octubre -f. 42 del repetido- no estaba presente el aludido, siendo suficientes los presentes; y en la del 17 noviembre, aunque sí estaba, tampoco su presencia era necesaria ni menos decisiva).

F. Sexto: Tampoco concurría la causa del ap. c), artículo 47 citado, según denunció alguno de los codemandados al interponer su originario recurso, ya que la intervención del Vocal no fue determinante para la formación de la voluntad del órgano colegiado. También en este apartado procede traer a colación la doctrina del TS, que en esta materia tiene señalado que la regla violada habrá de ser “esencial” por imperativo legal; y es sabido que solamente se consideran reglas esenciales las que regulan las fases de convocatoria, quórum de asistencia, deliberación y votación, según los arts. 9 y 15 LPA (S 5 abril 1988) [...]”

baixo a instrucción do Alcalde quedan tres membros do Tribunal ( Presidente Secretaría e vogal laboral fixo Elsa Silva Donsión) pasando a actuar como asesora na elaboración da proba de oposición a vogal laboral temporal ( Atenea Ruibal Durán ) , non sendo nesta proba a súa intervención determinante os efectos de valoración da mesma para formación da vontade deste órgano colexiado.( proba tipo test) nin na posterior valoración de méritos.

A continuación en aplicación da base 6 das bases que rexen este proceso selectivo publicadas no BO n.º 114 de data 18/06/2019 tal como segue:

## 6. Presentación de solicitudes.

### Coñecemento do galego:

Acreditarse o coñecemento do galego coa presentación de ( celga 2 para peóns Celga 3 para auxiliar biblioteca).

A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación (antes finalización do prazo de presentación de instancias) do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 2/3, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

Os/as aspirantes que non podan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no punto anterior deberán de acreditarlo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio ( será valorada

como apto/a ou non apto/a ) realizada antes da proba de oposición a non aptitude impedirá seguir no proceso selectivo .

Dita proba consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal na data e hora que este fixe durante un tempo máximo de 10 minutos e sen axuda do dicionario.

O tribunal poderá solicitar asistencia como asesoría con voz sen voto dos servizos de normalización lingüística para preparación, realización e valoración da proba de galego .

Coa asesoría da normalizadora lingüística do Concello de Arzúa dona Isabel Figueira Salgueiros realizase dita proba á aspirante D<sup>a</sup> Vanesa Vázquez Vila que queda anexa o expediente e a esta acta e que supera como APTA.

En aplicación do disposto na base 9.2 que sinala:

**9.2. Selección praza auxiliar de biblioteca.**

**9.2.1. Fase de oposición. Máximo 12 puntos.**

**a) Proba teórica.**

*A proba consistirá na realización dun cuestionario de 30 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta, onde se avaliarán os coñecementos das persoas aspirantes sobre o temario obxecto da presente convocatoria indicado en Anexo **1b**), así como 5 preguntas de reserva, en relación co contido do programa que figura no Anexo I das presentes bases.*

**A proba terá unha duración máxima de corenta e cinco minutos e será valorada cun máximo de 12,00 puntos. As respostas erróneas ou en branco non restarán puntuación. Será necesario obter unha puntuación mínima de +6,00 puntos para a superación da proba. Cada resposta correcta valorarase con 0,4 puntos.**

*Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal de selección."*

polo Tribunal acórdase a realización da seguinte proba tipo test:

**EXAME AUXILIAR BIBLIOTECA PEL 2019  
EXERCICIO OPOSICIÓN PROBA TIPO TEST**

Marcar cunha X na plantilla a resposta máis correcta .

**1. De cantos títulos consta a Constitución española de 1978?**

a) De trece títulos.

b) De dez títulos.

c) De doce títulos.

**2.- Qué título da Constitución española de 1978 regula a organización territorial do Estado?**

- a) O título IX
- b) O título VII
- c) O título VIII.**

**3.- En qué título da Constitución se trata a Coroa?**

- a) No Título III.
- b) No Título I.
- c) No Título II.**

**4.- Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril os municipios que teñen que prestar en todo caso de forma obrigatoria o servizo de biblioteca pública son**

- a) Todos os municipios.
- b) Os municipios con poboación superior a 5000 habitantes.**
- c) Os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

**5.- Segundo o artigo 11 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local son elementos do Municipio**

- a) Territorio, poboación organización e goberno.
- b) Territorio, poboación e organización.**
- c) Organización no termo municipal e servizos obrigatorios.

**6.- O municipio é segundo o artigo 11 da Lei 7/1985 de 2 de abril defínese como :**

- a) Entidade local básica da organización territorial do Estado. Ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.**
- b) Entidade local da organización territorial do Estado.

c) Entidade local da organización territorial do Estado. Ten personalidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

**7.- Cal destas definicións de folleto é correcta:**

- a) Publicación periódica que consta de 8 a 48 páxinas sen contar as cubertas.
- b) Publicacións de 50 a 60 páxinas.
- c) Publicación impresa non periódica que consta de máis de 4 páxinas e menos de 50.**

**8.- Cal das seguintes alfabetizacións é correcta?**

- a) Cinto, Chan, Llano, López, Müller, Mullers.
- b) Chan, Cinto, Llano, López, Müller, Mullers.**
- c) Chan, Cinto, Llano, López, Mullers, Müller.

**9.- Para rexistrar dúas copias dunha enciclopedia en tres volumes, necesitaremos:**

- a) Un único número de rexistro.
- b) Tres números de rexistro.
- c) Dous números de rexistro.**

**10.- Como se estruturan os díxitos do NIPO:**

- a) XXX-XX-XXX-X**
- b) XXX-XXX-XXX
- c) XX-XXX-XX-XX

**11.- Na CDU, respecto aos signos auxiliares comúns, os : (dous puntos) indican:**

- a) Adición ou coordinación.
- b) Relación simple.**
- c) Extensión consecutiva.

**12.- Que é o Z3950?**

- a) É un estándar internacional que se utiliza para configurar as buscas e a recuperación de**

**información entre bibliotecas e centros de documentación.**

- b) É un protocolo internacional para a catalogación de publicacións periódicas utilizado nos países de fala hispánica.
- c) É un protocolo para catalogación e préstamo de libros electrónicos.

**13.- Escolle a ordenación alfabética correcta das seguintes signaturas topográficas:**

N-CER-ing / N-CER-bil / N-CAM-muj / N-CAM-nau

- a) N-CAM-nau / N-CAM-muj / N-CER-ing / N-CER-bil
- b) N-CAM-nau / N-CAM-muj / N-CER-bil / N-CER-ing
- c) **N-CAM-muj / N-CAM-nau / / N-CER-bil / N-CER-ing**

**14.-Un tesouro está formado de voces:**

- a) **en linguaxe libre.**
- b) nunha linguaxe documental postcoordenada.
- c) nunha linguaxe documental precoordenada de estrutura arbórea.

**15. -Cales son os elementos do formato MARC?**

- a) Cabeceira, etiquetas e campos de contido.
- b) Cabeceira, estrutura e datos.
- c) **Estrutura, códigos e etiquetas identificadoras do contido e datos.**

**16.- A área 6 das ISBD é a área de:**

- a) Notas
- b) **Serie**
- c) Datos específicos da clase de documento

**17. - Cal é a orde correcta dos seguintes títulos?**

- 1. I.P.C. Índice de precios al consumo

2. Los cien mil hijos de San Luis
3. 99 pulgadas
4. V centenario del nacimiento de Carlos V
5. Las 100 grandes maravillas del mundo

- a) 1 - 4 - 3 - 5 - 2
- b) 5 - 2 - 1 - 3 - 4
- c) **4 - 3 - 5 - 2 - 1**

**18- Como se chama o programa de dinamización da lectura que ofrece a Rede de Bibliotecas de Galicia ás bibliotecas que forman parte dela?:**

- a) GaliciaLe
- b) Letras vivas
- c) **Ler conta moito**

**19. - Que día se conmemora o día internacional do libro infantil?:**

- a) **2 de abril**
- b) 23 de abril
- c) 26 de outubro

**20. - A campaña de animación á lectura dirixida a bibliotecas públicas de municipios de menos de 50.000 habitantes, concurso co que se trata de premiar os mellores proxectos ou actividades para promover a lectura tanto entre nenos e xoves como outros colectivos sociais denomínase:**

- a) Campaña de Animación á Lectura Miguel de Cervantes
- b) Campaña de Animación Ler Conta Moito
- c) **Campaña de Animación á Lectura María Moliner**



**21. - GaliciaLe é:**

- a) **A plataforma do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas.**
- b) A plataforma do libro electrónico das bibliotecas públicas e universitarias galegas.
- c) A plataforma do libro electrónico das bibliotecas nodais galega

**22. – A Biblioteca Híbrida é:**

- a) Biblioteca que dispón de fondos en depósito cerrado e en libre acceso.
- b) **Biblioteca que pon ao dispor das persoas usuarias coleccións analóxicas e dixitais.**
- c) Biblioteca que orienta os seus servizos a categorías de usuarios moi variadas.

**23. - En MARC 21 Bibliográfico, o único autor persoal, que campo de encabezamento lle corresponde?:**

- a) **100**
- b) 111
- c) 110

**24.- A función do expurgo é:**

- a) Aumentar o espazo nos andeis.
- b) **Retirar documentos deteriorados, con información desfasada ou que non se axustan aos obxectivos da biblioteca.**
- c) Retirar os documentos con máis de dez anos.

**25.- As Directrices IFLA – UNESCO para o desenvolvemento do Servizo de Bibliotecas Públicas foron establecidas no ano:**

- a) **2001**
- b) 1998

c) 2000

**26. – “Pregunte la biblioteca responde” é:**

- a) Un servizo de referencia virtual xestionado polas bibliotecas universitarias.
- b) Un servizo de referencia virtual xestionado por todas as bibliotecas iberoamericanas
- c) **Un servizo de referencia virtual cooperativo entre bibliotecas de diferentes comunidades autónomas**

**27.- Nun catálogo sistemático que empregue a CDU, cal das seguintes ordenacións temáticas sería a axeitada?:**

- a) **Filosofía - Educación especial - Fisioloxía humana - Historia de Europa.**
- b) Relixión - Farmacoloxía - Dereito - Historia.
- c) Urbanismo - Historia Antiga - Fisioterapia - Dereito administrativo.

**28. – Que signo separa o encabezamento do subencabezamento?**

- a) A coma ,
- b) **guión –**
- c) asterisco \*

**29. - Cal é a Lei de Bibliotecas de Galicia?**

- a) **Lei 5/2012, de 15 de xuño**
- b) Lei 10/2007, de 22 de xuño
- c) Lei 5/2007, de 15 de xuño

**30.- Que clases de números atopamos na seguinte clasificación CDU?**

**72(460.18)“19”=111**

- a) Principal, auxiliar común de tempo, auxiliar especial de lingua, auxiliar común de lugar
- b) Principal, auxiliar común de lugar, auxiliar común de tempo, auxiliar común de lingua.**
- c) Principal, auxiliar común de forma, auxiliar común de tempo, auxiliar común de lingua.

#### RESERVAS:

**1.- Na organización municipal segundo o artigo 20 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local :**

- a) As leis das CCAA sobre réximen local poden establecer unha organización municipal complementaria á prevista no apartado 1 dese artigo.**
- b) As leis das CCAA sobre réximen local non poden establecer unha organización municipal complementaria á prevista no apartado 1 dese artigo.
- c) Ambas as respostas anteriores son correctas.

**2.- Segundo o artigo a Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local, son órganos que existen en todos os municipios:**

- a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno.**
- b) O alcalde, os tenentes de alcalde e as comisións informativas.
- c) O alcalde, os tenentes de alcalde e a Xunta de Goberno Local.

**3. – Actualmente a biblioteca de Arzúa atópase migrando o seu SIXB. De cal a cal?**

- a) Absys - Absysnet
- b) Meiga - Koha**
- c) Sabini – Meiga

**4. -O ISBN ten 13 díxitos desde:**

- a) 2008
- b) 2006
- c) 2007**

**5. – Koha é un Sistema Integrado de Xestión de Bibliotecas. É propiedade de:**

- a) Xercode
- b) Xesdoc
- c) **É de código aberto**

**Sendo as respostas correctas as marcadas en negra en dita proba .**

As 10:50 horas procédese o chamamento dos/as aspirantes admitidos en lista definitiva aprobada por decreto do Alcalde n.º 505/2019 presentándose a realización da proba os/as aspirantes que se indican, a proba de oposición comeza ás 10:45 rematando ás 11:31 horas por entrega do último exame sen agotar o tempo total da proba .

A continuación polo Tribunal procédese a realizar a valoración da proba de oposición acordando por unanimidade as seguintes puntuacións:

Nº REXISTRO	Nome e apelidos	Nota oposición
201900000001860	BELEN CARREIRA BAHOMONDE	8
201990000000439	CRISTINA RODRIGUEZ VARELA	8,4
201900000001828	<b>CRISTINA ROSALIA DE CASTRO MARTINEZ</b>	<b>5,2 non supera a proba de oposición</b>
201900000001770	ELISEO MOISES SUAREZ ABEL	6
20190000000440	GUMERSINDO DOVAL GARCIA	10
201900000001806	INMACULADA CASTRO PAREDES	10,4
201900000001827	LAURA BECERRA RIOS	8
201900000001769	LUISA MARIA FREIRE CARDALDA	6

201990000000434	MARIA LUZ SÁNCHEZ PÉREZ	11,6
201990000000436	MARIA JESUS ROSENDE OTERO	8,4
201900000001799	MIGUEL ANGEL MATEOS CARREIRA	8,4
201900000001843	NAZARET CARRIL CASTRO identifica a proba non a asina pero o Tribunal considera que pode probarse a a autoría da mesma e foi comprobada a súa identificación na entrada do exame no que pon o seu nome,	7,2
201990000000441	PATRICIA VARELA PEREIRO	10,4
201990000000419	PILAR CANOSA CARBALLO	5,6 non supera a proba de oposición
201900000001786	VANESA VÁZQUEZ VILA	5,6 non supera a proba de oposición

**Acórdase polo Tribunal a publicación da plantilla correxida de esta proba por si existen alegacións ás preguntas formuladas .**

**Maís pola urxencia na contratación xa nesta sesión procede o Tribunal á valoración dos méritos presentados polos/as aspirantes que superaron dita proba tal como segue en aplicación da base 9.1.2 que di:**

**9.1.2. Fase de concurso. Máximo 5 puntos.**

**a) Experiencia laboral.**

Valorarase neste apartado un máximo de **2 puntos**.

– Por cada mes traballado na empresa privada a xornada completa, con categoría de peón , realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,15 puntos mes, até un máximo de 1 punto.

– Por cada mes traballado na Administración Pública a xornada completa, con categoría de peón, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,30 puntos/mes, até un máximo de 1 punto.

A experiencia laboral para ser valorada deberá vir debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo e/ou Certificados de servizos prestados, que indicará a data de inicio, data de remate e categoría profesional, non valorándose aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente. Acompañarase así mesmo de informada vida laboral actualizado sen contrato e ou certificación máis informe de vida laboral non será valorada a experiencia laboral.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo/a.

**b) Formación.**

Valorarase neste apartado un máximo de 2 puntos.

– **Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, e con acabado favorable:** 0,50 puntos, por cada programa acabado favorablemente, cun máximo de 1 punto.

– Por cada curso **directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por Administracións Públicas, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologados por estes. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas senón se xustifica a homologación pola Administración Pública.** Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada. A puntuación máxima por este concepto será de **1 punto**.

De 10 a 25 horas, 0,20 puntos.

De 26 a 50 horas, 0,40 puntos.

De 51 a 100 horas, 0,60 puntos.

De 101 horas ou máis, 0,80 puntos.

### c) Carnés.

Valorarase neste apartado un máximo de **1 punto**.

No caso de estar en posesión do carné de conducir B, outorgarse unha puntuación de 1 punto.

**Rematada a valoración de méritos da fase de concurso publicarase anuncio co resultado obtido no taboleiro de anuncios, sede electrónica e páxina web municipal .**

Por unanimidade acordase a valoración da experiencia a xornada non completa reducida no propio informe de vida laboral en tempo do que se parte para a valoración.

O Tribunal en interpretación das bases acorda non valorar xornadas, seminarios... cursos informáticos non relacionados directamente coas funcións ou idiomas, prácticas que non son cursos así como sinalar neste acta que o que non se recolle non é valorado por non cumprir os criterios das bases quedando indicado na documentación presentada a motivación de non valoración. Outorgando a seguinte puntuación por unanimidade na valoración de méritos e total provisional :

Nome e apelidos	PUNTUACIÓN TOTAL	Nota oposición	Concurso
BELEN CARREIRA BAHOMONDE	9,5	8	1.-Experiencia; 1.1) 1.2) 2.-Formación ; 2.1) Ocupacional 0,50 2.2) Cursos  3.-Carne ;1 <b>TOTAL= 1,5 puntos</b>
CRISTINA RODRIGUEZ VARELA	8,4	8,4	1.-Experiencia; <b>non presenta contratos</b> 1.1) 1.2) 2.-Formación ; 2.1) Ocupacional 2.2) Cursos  3.-Carne ; <b>TOTAL=0 puntos</b>

ELISEO MOISES SUAREZ ABEL 7,5	6	<b>1.-Experiencia;</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional0,50 2.2) Cursos <b>3.-Carne ;1</b> <b>TOTAL=1,50 puntos</b>
GUMERSINDO DOVAL GARCIA 11	10	<b>1.-Experiencia;0 non</b> <b>presenta contratos</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional 2.2) Cursos Sedic 1 punto <b>3.-Carne ;</b> <b>TOTAL=1 punto</b>
INMACULADA CASTRO PAREDES 12,4	10,4	<b>1.-Experiencia;0 non</b> <b>presenta informe vida</b> <b>laboral</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional 2.2) Cursos Voluntariado 0,20 Alfin bibliotecas 0,40 Atención usuario bibliotecas 0,40 <b>3.-Carne ;1</b> <b>TOTAL=2 puntos</b>
LAURA BECERRA RIOS 9	8	<b>1.-Experiencia;</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional 2.2) Cursos non se valoran outras titulacións oficiais o Máster non indica horas <b>3.-Carne ;1</b> <b>TOTAL=1 puntos</b>
LUISA MARIA FREIRE CARDALDA 7	6	<b>1.-Experiencia; non</b> <b>relacionada</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional 2.2) Cursos non relacionados

		ou outras titulacións oficiais que non son cursos .  <b>3.-Carne ;1</b> <b>TOTAL=1 puntos</b>
<b>MARIA LUZ SÁNCHEZ PÉREZ</b> <b>14,6</b>	11,6	<b>1.-Experiencia;</b> 1.1) 1.2) En AAPP 1 <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional 2.2) Cursos Técnicas documentación 0,80 Metadatos 0,50  <b>3.-Carne ;1</b> <b>TOTAL=3 puntos</b>
<b>MARIA JESUS ROSENDE OTERO</b> <b>8,9</b>	8,4	<b>1.-Experiencia;non valorable</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional FIP 0,50 2.2) Cursos non relacionados  <b>3.-Carne ;</b> <b>TOTAL=0,50</b>
<b>MIGUEL ANGEL MATEOS CARREIRA</b> <b>9,4</b>	8,4	<b>1.-Experiencia; 0 faltan contratos</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional 2.2) Cursos  <b>3.-Carne ;1</b> <b>TOTAL=1 punto</b>
<b>NAZARET CARRIL CASTRO</b> <b>8,2</b>	7,2	<b>1.-Experiencia;</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional 2.2) Cursos  <b>3.-Carne ;1</b> <b>TOTAL=1 punto</b>
<b>PATRICIA VARELA PEREIRO</b> <b>11,9</b>	10,4	<b>1.-Experiencia;</b> 1.1) 1.2) <b>2.-Formación ;</b> 2.1) Ocupacional0,5 2.2) Cursos



		3.-Carne ;1 TOTAL=1,5
--	--	--------------------------

Por unanimidade en aplicación da base 10 que sinala

**10. Cualificación final, presentación de documentos e formalización do contrato.**

A cualificación final das persoas aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na valoración de proba oposición e méritos , publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. A maior puntuación obtida na proba teórica da fase de oposición.
- 2.º. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego.
- 3.º. Maior antigüidade en situación de desemprego.

O Tribunal, despois da cualificación das persoas aspirantes, publicará a lista de persoas aprobadas no taboleiro de anuncios, sede electrónica e páxina web municipal, elevando a proposta de contratación ao Sr. alcalde-presidente das persoas seleccionadas, por orde de puntuación. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta ao Sr. alcalde-presidente para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do Programa de Integración Laboral, **anualidade 2019.**

As persoas aspirantes seleccionados, previamente á súa contratación, no prazo de tres (3) días hábiles dende a súa proposta de contratación, deberán xustificar os seguintes requisitos:

Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do tribunal e achegada a documentación polas persoas seleccionadas, a Alcaldía ditará resolución de contratación das persoas propostas e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo."

Pola urxencia na contratación e sen prexuízo de novas valoracións rectificacións como consecuencia de alegacións o Tribunal provisionalmente ( valoración e propostas que serán definitivas salvo alegacións motivadas que as varien ) por unanimidade ACORDOU propoñer ó Alcalde previa publicación da plantilla correxida da oposición así como da valoración dos méritos e sen prexuízo de atención á alegacións que podan presentarse :

**PRIMEIRO .-** Contratar a aspirante M.<sup>a</sup> Luz Sánchez Pérez con DNI n.º 33277389T para a súa contratación como auxiliar de biblioteca por ter acadado a maior puntuación no proceso selectivo .

**SEGUNDO.-** Propoñer o Alcalde a aprobación dunha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación tal como segue:

Nº ORDE	NOME E APELIDOS	PUNTUACION
1	Mª LUZ SÁNCHEZ PÉREZ	14,6
2	INMACULADA CASTRO PAREDES	12,4
3	PATRICIA VARELA PEREIRO	11,9
4	GUMERSINDO DOVAL GARCIA	11
5	BELEN CARREIRA BAHAMONDE	9,5
6	MIGUEL ANGEL MATEOS CARREIRA	9,4
7	LAURA BECERRA RIOS	9
8	MARIA JESUS ROSENDE OTERO	8,9
9	CRISTINA RODRIGUEZ VARELA	8,4
10	NAZARET CARRIL CASTRO	8,2
11	ELISEO MOISES SUAREZ ABEL	7,5
12	LUISA MARIA FREIRE CARDALDA	7

Polo Presidente sendo as 14:49 horas levántase esta sesión do que dou fe có visto e prace do Presidente

Asinada dixitalmente na data e hora que figura na marxe .

A Secretaria:

Rebeca Vázquez Vázquez

Presidente:

Ramón Torreiro González

Asinada manualmente pola Vogal: Elsa Silva Donsión, xa que non pode asinala de maneira electrónica porque carece de medios para poder facelo



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/08/2019 12:09:00) , RAMON TORREIRO GONZALEZ (FECHA: 06/08/2019 12:44:00)

Versión imprimible

CVD: WHSTR1L2HG6U5FyXnAA  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



EXAME DE GALEGO

31/07/2019

APELIDOS E NOME: VAZQUEZ USLA, VANESA

SINATURA:

Traduce ao galego o seguinte texto:

Con esta programación, a Xunta de Galicia pretende contribuir a la promoción de la lectura como un vehículo de enriquecimiento y de aprovechamiento personal, ofreciendo espacios de encuentro para descubrir y compartir. El desarrollo de estas actividades de dinamización en el ámbito de la biblioteca refuerzan su carácter de espacio abierto, al tiempo que alientan el aprendizaje y el descubrimiento a través de los recursos que las bibliotecas proporcionan.

Con esta programación, a Xunta de Galicia pretende contribuir a promoción da lectura como vehículo de enriquecemento e de aproveitamento persoal, ofrecendo espazos de encontro para descubrir e compartir. O desenvolvemento destas actividades de dinamización no ámbito da biblioteca refreza o carácter de espazo aberto, ao tempo que alienta o aprendizaxe e o descubrimento a través dos recursos que as bibliotecas proporcionan.

Corrixido, Isabel Figueira Salgueiro  
Normalizadora Lingüística do Concello de  
Arzúa.

APTO.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 06/08/2019 12:09:00) , RAMON TORREIRO GONZALEZ (FECHA: 06/08/2019 12:44:00)

Versión imprimible

CVD: WHSTR1L2HG6U5FyXnAA  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.